



CONCELLO DE CARIÑO

Avda. da Paz, 2
15360 CARIÑO (A Coruña)

ALEJANDRA PARDO VÁZQUEZ, Secretaria do Concello de Cariño (A Coruña)

CERTIFICO:

Que o Pleno corporativo, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 07/07/2015, adoptou, entre outros, o seguinte

ACORDO:

5º.- PROPOSTAS DA ALCALDIA:

5º1.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO CORPORATIVO.

Tendo en conta que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece no seu artigo 46.2 a) que “O Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada mes nos Concellos de municipios de máis de 20.000 habitantes e nas Deputacións provinciais; cada dous meses nos Concellos de municipios con poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes; e cada tres nos municipios de ata 5.000 habitantes...”.

Considerando que o artigo 78.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece de forma literal que “son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade está preestablecida. Dita periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria, que deberá convocar o Alcalde ou Presidente dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación e non poderá exceder do límite trimestral a que se refire o artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

O Pleno corporativo por unanimidade dos seus membros

ACORDA:

PRIMEIRO : Fixar con unha periodicidade bimensual as sesións plenarias ordinarias, celebrándose as sesións ás 20:00 horas do último VENRES hábil dos meses impares, isto é, xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro.

SEGUNDO: Establecer a posibilidade de anticipo ou demora nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de “Rogos e Preguntas” e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ao apartado e) do artigo 46.2 da Lei 7/1985.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido a presente de Orde e co Visto e Prao do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar, en Cariño, a once de xaneiro de dous mil dezaseis, de todo o que eu, Secretaria, Certifico.

Vº e Pce
O Alcalde

Asdo: José Miguel Alonso Pumar

